



**Grupo Municipal
RIBEIRA**

FRANCISCO AYASO BRETAL, Concelleiro do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)** neste Concello, presenta a seguinte moción ante o Pleno da Corporación Municipal en relación ó saneamento na parroquia de Oleiros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Desde o Grupo Municipal do BNG xa se levan presentado diante do pleno diferentes mocións reclamando obras para que todos os veciños/as do concello teñan acceso a servizos básicos como é o do saneamento.

Na parroquia de Oleiros hay unhas 400 vivendas das que só poden dispoñer de alcantarillado 14, pois unicamente existen uns 1000 mts. de rede de saneamento.

Logo da reclamación por parte dos veciños, de reiteradas promesas electorais, e mesmo apoiando por toda a corporación municipal mocións presentadas polo BNG, para dotar a Oleiros deste servizo, o Goberno Municipal esquece non só unha promesa, senón que incumple un acordo do Pleno Municipal.

Só desde a incompetencia e a deixadez do PP se pode entender que logo de mais de 20 anos de goberno se sigan ignorando as reivindicacións dos veciños/as, dun servizo tan elemental como é o saneamento, discriminados ano tras ano, a pesar de colaborar desinteresadamente cando se trata de intereses para todo o Concello.

Por iso, o Grupo Municipal do BNG solicita o apoio da Corporación Municipal para adopción do seguinte

ACORDO:

Que o Goberno Municipal faga as obras necesarias para dotar de saneamento a toda a parroquia de Oleiros.

Ribeira, 22 de marzo de 2008

Asdo.: Francisco Ayaso Bretal

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA